

As contas claras das OPE de Educación

A oferta deste ano acumúlase á xa publicada no ano 2021



No DOG do 27 de xaneiro publícase a OPE do ano 2022 que dará lugar á convocatoria de concurso oposición entre os meses de xuño e xullo de 2022, tal e como pasou pola Mesa Sectorial.

As prazas que finalmente se convocarán para o ingreso na función pública docente coa distribución por especialidades prevista no borrador da convocatoria presentado pola Consellaría son, en cifras globais por corpos, as seguintes:

	OPE 2021	OPE 2022	TOTAL OPOSICIÓN 2022
MESTRES	652	298	950
PES	692	577	1269 *
NOVO CORPO ESPECIALISTAS FP		27	27 *
EOI	20	25	45
EART	8		8
TOTAL	1372	927	2299 *

Sobre o total das prazas do corpo de PES así como as prazas do novo corpo de Profesorado Especialista de Sectores Singulares da FP (corpo que se creará unha vez se publique no BOE a nova Lei Orgánica de FP que está previsto se vote no Senado no mes de febreiro) hai que ter en conta o seguinte (de aí os * da táboa):

Das **1.269** prazas ofertadas para o **corpo de PES** haberá un total de **98** que non se convoquen nas oposicións ordinarias deste ano 2022. Son prazas correspondentes a especialidades actualmente do corpo a extinguir de PTFP que, unha vez que se regule a integración no corpo de PES, terán que ofertarse neste corpo, o que está previsto que se faga na convocatoria de **oposicións de 2023**. A Consellaría anunciou na Mesa Sectorial que as especialidades que se convocarán para esas 98 prazas son:

- Equipos electrónicos
- Instalacións e mantemento de equipos térmicos e fluídos
- Instalacións electrotécnicas
- Máquinas servizos e produción
- Operacións e equipos de elaboracións de produtos alimentarios
- Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico

- Procedementos sanitarios e asistenciais
- Procesos comerciais
- Procesos de Xestión Administrativa
- Sistemas e aplicacións informáticas.

Hai tamén **27 prazas** que aparecen na OPE publicada no DOG do 27 de xaneiro que se convocarán **no 2023** e xa **no novo corpo de Profesorado Especialista**. A Consellaría informou na Mesa Sectorial que esas prazas serán para as especialidades de:

- Fabricación e instalación de carpintería e moble
- Mantemento de vehículos
- Mecanizado e mantemento de máquinas
- Peiteado

O feito de que se anuncie a convocatoria nestas especialidades para próximas oposicións non quere dicir que non se poidan convocar tamén doutras especialidades.

Polo tanto, se descontamos esas prazas que non se convocarán neste 2022 (**125 prazas en total**) a oferta no **corpo de PES** redúcese a **1.171 prazas**, e sen que haxa oposición no corpo a extinguir de PTFP, tal e como figura na información da Mesa Sectorial, cun total de prazas para todos os corpos de **2.174 prazas**.

A CIG-Ensino, como xa informamos, propuxo na Mesa Sectorial que a oferta de prazas da OPE do 2022 puidese negociarse, vinculando a convocatoria neste ano ou no seguinte de todas ou unha parte delas, ás cifras que a Consellaría propoña para o concurso excepcional e o concurso oposición extraordinario que se deberán convocar neste mesmo ano 2022, denunciando a decisión da administración de retrasar esa información até finais de febreiro ou comezos de marzo. Como xa é sabido, a Consellaría negouse a mudar as prazas e o reparto por especialidades.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal